

Enid Blyton
Contos ás cinco

ESTE LIBRO

regaláronllo a

gañouno

mercouno

atopouno



A vaca branca e vermella

Peter estaba contentísimo porque a súa familia se mudara da cidade á aldea. Que distinto era todo! Había corredoiras verdes no canto de rúas transitadas, árbores grandes no canto de chemineas altas, e moitos, moitísimos animais e paxaros que ver.

–Na camposa hai trinta e dúas ovellas e seis años! –díxolle Peter á nai–. E na granxa hai once cabalos, e hoxe á mañá vin dúas cabras e doce parrulos ou por aí. Non os dei contado ben, porque non paraban quietos. E as galiñas tampouco paraban quietas.

–E que me dis das vacas? –preguntoulle a nai–. Contá-chelas?

–As vacas non me gustan –respondeu Peter–. Teñen os cornos moi grandes e róxenme.

–Que van ruxir! –dixo a nai–. Ruxir roxen os leóns. As vacas múan.

–Pois a min paréceme que me roxen –dixo Peter–. Non me gustan nada as vacas. Son as miñas inimigas.

–Pero se son unhas amigas maravilosas! –corrixiuno a nai–. Fanche moitos regalos.

–A min nunca me fixeron regalo ningún! –protestou Peter.

–Mira, velaquí tes un –dixo a nai, e baixou unha xerra de leite. Encheu un tanque del e deullo a Peter, que o bebeu.

–Daquela isto vén da vaca? –dixo–. Pois está riquísimo!

Á hora de xantar, a nai serviulle a Peter un prato de mazás asadas a modo de sobremesa. O rapaz buscou pola crema pasteleira que a nai adoitaba amañarlle como acompañamento. Pero non a había.

–No canto da crema, a vaca mandouche este regalo! –dixo a nai, e púxolle diante unha xerriña preciosa de nata gorda. Estaba deliciosa! Peter regou as mazás ben regadas. Sabían moito máis ricas ca de costume.

–Daquela isto tamén vén da vaca! –exclamou o raparigo–. Pois xa se nota que é un animalíño moi bo!

Á hora de merendar, a nai pousou o pan enteiro na mesa. Peter quedou sorprendido. Normalmente xa aparecían as rebandas untadas.

A nai serviu un pratiño azul cunhas balugas pequeniñas de manteiga amarela, acabadiña de mazar.

–Outro regalo da vaca! –dixo, rindo–. Veña, unta o regalo no pan, verás que delicia!

–Vaia, ho! –exclamou Peter–. Que amable e que xenerosa é a vaca! De hoxe en diante non lle hei ter máis zuna, nin medo tampouco.

–Xaora que non! –respondeu a nai–. E mira para aquí: a vaca mandou outro regalo para min!

A nai destapou a queixeira e Peter viu un taco gordo de queixo alaranxado. A nai cortou un anaco para si e dixo que sabía á gloria.

–Agora mesmo vou gabear ó portelo do pasteiro para darlles as grazas ás vacas! –anunciou Peter–. Non sabía eu que fosen tan simpáticas!

Agora Peter xa non lles ten nin miga de medo, senón moita estima. E di que son as súas amigas, non as súas inimigas. E a vós que vos parecen as vacas?

O reloxo da fraga

Eran unha vez tres nenos que saíron de pícnic. Chamábanse Bob, Mollie e Eileen. Levaban unha cesta repleta de cousas ricas para comer e unha pelota para brincar. Despedíronse da nai e botaron a andar cara á fraga dos Xacintos Bravos.

–Por favor, estade de volta ás cinco! –díxolles a nai–. Vai vir o tío Jim e seguro que vos quere ver.

–Si, mamá! –responderon os nenos–. Levamos reloxo!

Axiña chegaron á fraga dos Xacintos Bravos. Era un lugar moi bonito. Aínda quedaban algúns xacintos bravos, escintilando aquí e acolá coma charcas de auga azul. Os paxaros cantaban nas árbores e os raios do sol entraban en diagonal por entre as pólas verdes, pintando pencas de luz na herba.

–Vamos botar unha partida ás escondidas! –propuxo Bob–. A cesta da merenda deixámola ó pé desta árbore mentres xogamos. Primeiro pando eu!

Cando as irmás dixeron cucú, Bob saíu correndo á busca delas. Atopou a Mollie, pero ó perseguila para pillala enganxou un pé na raíz dunha árbore e caeu. Non se mancou, pero... que traxedia! Escachoulle o vidro do reloxo!

–Mirade! –laiouse–. Rompín o reloxo! Que mágoa! O teu está enteiro, Mollie? Temos que saber cando hai que marchar.

–Si, o meu está normal –contestou Mollie–. Non te poñas triste, Bob. Habémosche arranxar o teu!

–Que hora é, Mollie? –preguntou Eileen–. Xa toca merendar?

–Son as catro –respondeu Mollie–. Si, mellor imos merendando.

Apañaron daquela a cesta e repartiron as cousas ricas: bocadillos de tomate, biscoito de chocolate e unha mazá para cada un. Que merenda máis fabulosa! Non quedou miga, salvo tres bolsas de papel e mais a botella do leite e o tanque para bebelo.

–Agora xogamos á pillá! –dixo Bob.

E a tal se puxeron. Pasárono de marabilla e xogaron moito tempo. De pronto, Bob preguntouse que hora sería. Non quería perder a ocasión de ver o tío Jim! Mirou para o reloxo. Vaites, estaba rompido! Esquecéralle. Daquela preguntoulle a Mollie.

–Mollie, que hora tes?

Mollie mirou para o pulso.

–As catro! –respondeu ela.

–Imposible! –asombrouse Bob–. Xusto antes de merendarmos xa dixeras que eran as catro! Mira ben!

Mollie mirou ben... e levou o reloxo ó oído.

–Ai! –lamentouse–. Paroume! Que habemos facer agora? Eileen non ten reloxo! Non sabemos que hora é!

–Eu si que sei! –gritou Eileen de súpeto.

Foi correndo ata unha leitaruga grande e apañou un papo moi gordo e esponxoso. Soproulle forte. Fu! Volveu soprar. Fu! Soprou unha vez: a unha en punto! Dúas veces: as dúas en punto! Tres veces: as tres en punto! Catro veces: as catro en punto! Cinco veces: as cinco en punto!

–Son as cinco! –chiou Eileen–. Soprei todos os pelos en cinco veces! O papo da leitaruga di que son as cinco. Hai que marchar!

–Pois imos logo! –dixeron os irmáns, e alá que foron.

A nai quedou encantada de velos chegar tan puntuais, porque xusto acababa de entrar o tío Jim.

–E non soubemos a hora grazas ós reloxos! –explicou Eileen–. Foi o reloxiño da fraga, tío Jim!

